

Ref.- AE/pnr

Expte.- 771/21

Asunto: Informe Secretaría Xeral Técnica artigo - 43.2. Lei 16/2010, do 17 de decembro. Proxecto orde regulación creación,... unidades funcionais multidisciplinares de atención asistencial

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE DO... DE...DE 2021, POLA QUE SE REGULA A CREACIÓN, COMPOSICIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS UNIDADES FUNCIONAIS MULTIDISCIPLINARES DE ATENCIÓN ASISTENCIAL NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

Visto o "*Proxecto de ORDE do... de... de 2021, pola que se regula a creación, composición, organización e funcionamento das unidades funcionais multidisciplinares de atención asistencial no Servizo Galego de Saúde.*", en cumprimento do disposto no artigo 7.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, así como de acordo co establecido no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME

I. FUNDAMENTACIÓN LEGAL

1. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece no seu artigo 97 que a modernización do Sistema Público de Saúde de Galicia require a introdución de modelos de xestión que o dinamicen, con fórmulas organizativas que teñan unha visión horizontal e integradora dos procesos asistenciais que superen a compartimentación existente entre niveis asistenciais e especialidades.
2. A experiencia dos últimos anos pon de manifesto que para unha abordaxe máis adecuada de determinadas patoloxías requírese dunha organización máis transversal, na que profesionais de distintos niveis asistenciais , e pertencentes a diferentes servizos, se coordinen para prestar unha atención integral e, entre outros, acordar e implantar protocolos integrados que repercutan nun maior grado de eficacia e eficiencia na atención sanitaria aos/ás pacientes.
3. Trátase dun modelo xeral de atención en unidades funcionais multidisciplinares cuxa función esencial é de atención asistencial, co fin de outorgar unha atención de máxima calidade a determinadas patoloxías que requiren dunha intervención multidisciplinar. Exemplos deste

modelo son as Unidades Funcionais Multidisciplinares Post-Covid, ou as de Enfermidades Raras.

4. A implantación deste modelo organizativo transversal e integral respectará en todo caso os dereitos dos pacientes recollidos nos artigos 4 a 14 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, que deberán quedar garantidos en todo momento.
5. O número de unidades a poñer en marcha dependerá da complexidade e da prevalencia de cada patoloxía.
6. A norma que se promove elabórase no marco da potestade de autoorganización atribuída á Administración, potestade que concrétase en múltiples vertentes, xa sexan estas de carácter singular (ordes verbais, resolucións administrativas, etc) ou normativo, como é o caso.

II. RAZÓN DE SER E UTILIDADE DO PROXECTO

As Unidades Funcionais Multidisciplinares coas que se pretende dar resposta a necesidades asistenciais, en moitos casos complexas e que precisan da implicación de diversos servizos médicos ou de profesionais maiormente dentro do ámbito sanitario, permitirán ademais a aplicación homoxénea dos protocolos, reducindo así a variabilidade clínica, o que facilitará a definición de indicadores de calidade, tanto de resultado como de actividade.

Polo tanto, esta iniciativa trata de impulsar e potenciar unha atención sanitaria baseada en unidades funcionais multidisciplinares que transcendan os servizos.

Todo iso posibilitará, nun futuro, establecer métodos de comparación entre as diversas unidades que se creen, facilitando así a toma de decisións ás persoas responsables da xestión dos recursos, permitindo deste xeito unha mellora continua da asistencia sanitaria que se pon a disposición da cidadanía.

III. TRÁMITACIÓN DO PROXECTO

O texto normativo conta cos seguintes informes e trámites realizados, entre os que se atopa a documentación establecida con carácter xeral no artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro:

1. Memoria xustificativa, do 19.08.2021
2. Memoria económico-financeira, do 19.08.2021
3. Acordo inicio tramitación anteprojecto, do 16.09.2021
4. Táboa de vixencias, do 17.09.2021
5. Informe do Servizo Técnico Xurídico I, do 17.09.2021
6. Resolución do Secretario Xeral da Consellería de Sanidade, pola que acórdase a publicación do



texto do proxecto no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, así como que non se someta a trámite de audiencia pública, do 17.09.2021

7. Acordo de aprobación do proxecto, do 21.09.2021

8. Informe favorable da Dirección Xeral da Función Pública, do 24.09.2021

9. Informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, do 27.09.2021

10. Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, do 28.09.2021

11. Informe de impacto de xénero, da Secretaría Xeral da Igualdade, do 05.10.2021

12. Informe da Asesoría Xurídica da Consellería de Sanidade, do 18.10.2021

En relación ao informe da Asesoría Xurídica, sinalar que, no primeiro parágrafo do apartado IV deste (ver páxina 3 do informe), realízase unha suxestión de mellora respecto ao texto do proxecto da orde sometida a informe, coa finalidade de facilitar a súa comprensión e integración no contexto da organización das áreas sanitarias. Así, no informe dise:

"No texto da Orde mencionase distintos compoñentes da organización, tales como que as Unidades funcionais multidisciplinares disporán dun "comité clínico" composto polos "membros básicos da unidade" (art. 8) ; a cada unidade designáraselle un "Grupo funcional Homoxéneo específico", "estrutura mínima de xestión" (artigo 9) cuxas definicións poderían incluírse no artigo 4 baixo a fórmula "Ao obxecto desta orde enténdese por...." facilitando así a súa comprensión e integración no contexto da organización das áreas sanitarias; sen que proceda facer observacións ao resto do articulado."

Como consecuencia da recomendación da Asesoría, procedeuse á modificación do artigo 4 do proxecto de orden, ampliando o seu contido. Así, no proxecto de orde sometido a informe da Asesoría, no dito artigo, dicíase:

"As Unidades contarán con diferentes disciplinas do ámbito sanitario e socio sanitario que se dimensionarán en función da patoloxía concreta á que vai destinada a súa creación, así como a carga asistencial esperada. Como membros básicos destas unidades estarán alo menos, dúas persoas correspondentes ao persoal facultativo, de dúas especialidades distintas, e unha persoa, profesional de enfermería, con función de xestión de casos e coidados específicos."

Unha vez modificado o texto do artigo, queda como segue:

"As Unidades contarán con diferentes disciplinas do ámbito sanitario e socio sanitario que se dimensionarán en función da patoloxía concreta á que vai destinada a súa creación, así como a carga asistencial esperada."

Como membros básicos destas unidades estarán alo menos, dúas persoas correspondentes ao persoal facultativo, de dúas especialidades distintas, e unha persoa, profesional de enfermería, con función de xestión de casos e coidados específicos."



Ao obxecto desta orde enténdese por:

- a) Comité clínico: Grupo de expertos, de carácter multidisciplinar, para tratar, avaliar e consensuar casos clínicos que pola súa complexidade ou rareza precisan dunha valoración multiprofesional.*
- b) Membros básicos da unidade: número mínimo de profesionais que deberán constituír cada Unidade.*
- c) Grupo Funcional Homoxéneo: estrutura mínima de xestión organizativa para integrar, homoxeneizar e normalizar a información sanitaria dunha unidade asistencial."*

A tramitación do proxecto de orde foi obxecto de publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, aos efectos de dar cumprimento á previsión contida nos artigos 41.5. da Lei 16/2010, do 17 de decembro e 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O texto da norma sobre a que se informa, non foi obxecto de información pública, xa que de acordo co previsto no artigo 42.6. da Lei 16/2010, do 17 de decembro, "*Non será necesaria ningunha forma de audiencia ou información pública no caso de anteprojectos puramente organizativos.*"

IV. INTEGRIDADE DO TEXTO

O proxecto normativo examinado consta dunha parte expositiva, na que se recolle o seu obxecto e finalidade, e á que se engaden dez artigos e dúas disposicións derradeiras, coa estrutura e contido seguintes:

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Artigo 3. Actividades a desenvolver

Artigo 4. Composición

Artigo 5. Organización

Artigo 6. Plan funcional das unidades

Artigo 7. Coordinación

Artigo 8. Comité clínico

Artigo 9. Avaliación e seguimento das unidades

Artigo 10. Creación de Unidades

Disposición derradeira primeira. Medidas para a aplicación da orde

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor



V. LEGALIDADE, ACERTO E OPORTUNIDADE

Revisada a documentación que integra o expediente para a tramitación do devandito proxecto normativo, resulta acreditada a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, tal e como se require no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

A aprobación dun texto normativo que habilita a regulación legal necesaria para a creación e regulación do funcionamento das unidades funcionais multidisciplinares de atención asistencial, posibilitará que o Sistema de Saúde Pública de Galicia conte cunha ferramenta máis para unha organización máis eficiente, áxil e eficaz para a realización da súa actividade asistencial.

A orde que se promove, permitirá mellorar e optimizar a utilización dos recursos persoais e materiais dispoñibles no Sistema Público de Saúde de Galicia, así como a mellora da asistencia sanitaria que se presta á cidadanía. Todo iso facilitará, entre outros, unha abordaxe das distintas patoloxías, singularmente daquelas máis graves e complexas, que redundará tanto no beneficio das persoas doentes, como das súas familias e da sociedade. Todo elo, reducindo custos, mellorando os tempos de resposta, aumentando a calidade da prestación asistencial e, sobre todo, aumentando as posibilidades de éxito das intervencións e con elo a saúde das persoas en particular e da sociedade en xeral.

Deste xeito, queda plenamente xustificada a adecuación desta orde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia regulados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

De conformidade con todo o anterior, e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais recollidos na normativa de aplicación examinada anteriormente, así como os de oportunidade esixibles, polo que se emite a seguinte

PROPOSTA,

Informar favorablemente este proxecto de orde conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela,

A Subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

Laura Recacho Rivas



O titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade, considera que o proxecto de orde sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

